



5º Educación Infantil

Día das letras galegas 2023



DÍA



DAS

LETRAS



GALEGAS



U. DIDÁCTICA PICTOGRAMAS

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá, Lugo, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno nun colexio de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos Francisco marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito da Universidade Complutense.


Cando voltou a Galiza rematou os estudos de Dereito, deu clases en dous colexios de Vigo e traballou nun bufete de avogados desta mesma cidade.

Foi un gran traballador polo idioma galego: escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, dirixiu a revista Grial, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro da Real Academia Galega e presidiuna durante catro anos, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan o idioma e a cultura galega.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...* e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.




Francisco con Vicente e Amada, seus pais.



Vestido cunha corroza tradicional de palla.

ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DEDÍCASELLE AO ESCRITOR FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO POLA SÚA DEFENSA DO IDIOMA E DA CULTURA GALEGA.





FR__NC__SC__





COLOCA AS VOGAIS ONDE LLE CORRESPONDE. COLOREA.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO NACEU EN LOURENZÁ, LUGO, O 7 DE XA-
NEIRO DE 1913. TIÑA DEZ IRMÁNS PEQUENOS



COMPLETA COAS VOGAIS E CONTA O NÚMERO DE IRMÁNS.



FRANCISCO, CON DEZASETE ANOS, MARCHOU COA SÚA FAMILIA A MADRID E NESTA CIDADE COMEZOU A ESTUDAR PARA AVOGADO.



PINTA O CAMIÑO QUE TEN QUE TOMAR FRANCISCO PARA CHEGAR A MADRID.

FRANCISCO FERNÁNDEZ NA SÚA VIDA ESTIVO EN VARIAS CIDADES, ENTRE ELAS LOURENZÁ, ONDE NACEU, MONFORTE, ONDE REMATOU O BACHARELATO E VIGO, ONDE TRABALLOU NA EDITORIAL GALAXIA.

ACTIVIDADES BEE BOOT



QUE CAMIÑO SEGUIRÁ O BEE BOT PARA VISITAR ESTAS LOCALIDADES?

NA TORRE DE HÉRCULES

Francisco Fernández del Riego

Sorprendíanos a súa antigüidade de máis de dous mil anos. Tamén que era o único faro da época romana que se conservaba no mundo. Enfeitizábanos o que del contaban nas míticas crónicas No seu cume había un espello máxico no que se reflectían as naos. Aquelas naos que seguían as derrotas atlánticas. O mesmo que as naos, reflectíase no máxico espello a verde illa de Erín.



A TORRE DE HÉRCULES ESTÁ NA COSTA DA CIDADE DA CORUÑA.

A CORUÑA



LUGO

PONTEVEDRA


OURENSE



A CORUÑA

COLOREA A PROVINCIA ONDE ESTÁ A TORRE DE HÉRCULES.

A TORRE DE HÉRCULES É O FARO GALEGO MÁIS ALTO E O TERCEIRO DE TODA ESPAÑA.





1º

2º



3º

4º





COLOREA, RECORTA E ORDENA POR TAMAÑO ESTES FAROS GALEGOS.

OS FAROS PODEN TER O CORPO REDONDO OU CADRADO. A TORRE DE HÉRCULES TEN O SEU CORPO CADRADO.





ESCRIBE **1** NOS CADRADOS. PÍNTAOS DE LARANXA.



ESCRIBE **2** NOS CÍRCULOS. PÍNTAOS DE VERDE.

A TORRE DE HÉRCULES TEN NO SEU CORPO CINCO PISOS.




UNE OS PUNTOS DA TORRE DE HÉRCULES E COLOREA.

UNHA LENDA POPULAR DI QUE A TORRE É OBRA DE HÉRCULES, UN SEMIDIÓS QUE A LEVANTOU PARA CELEBRAR A SÚA VICTORIA SOBRE XERIÓN, UN XIGANTE DE TRES CABEZAS.



HÉRCULES



XERIÓN




COLOREA O NOME DE CADA PERSONAXE E O SEU DEBUXO.





INSTRUMENTOS MUSICAIS

Francisco Fernández del Riego

Consta dun pequeno odre ou saco de pel, chamado fol, de forma ovoidea, con catro aberturas; delas saen outros tantos tubos, pon onde recibe e expele o aire. O fol cúbrese cun pano ou terciopelo de cor; xeralmente siluetéanse as costuras, de encarnado ou amarelo. A súa finalidade é a de que poidan funcionar os órganos por unha soa persoa. Os catro tubos dos que acabamos de facer mención, son: o Punteiro, o Roncón, o Ronquillo e o Soprete. Este último é o que serve para inflar o fol.




A GAITA GALEGA TEN UN SACO DE PEL, CHAMADO FOL, CON CATRO ABERTURAS.








RECORTA E COMPÓN O CREBACABEZAS DA GAITA. COLOREA.

OS INSTRUMENTOS MUSICAIS GALEGOS SON MOI VARIADOS: GAITAS, PANDEI-RETAS, CAIXAS, ADUFES, BOMBOS, CASTAÑOLAS, ...

CANTOS HAI?















	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>
	<input type="text"/>



CONTA OS INSTRUMENTOS MUSICAIS, ESCRIBE O SEU NÚMERO E COLOREA.



A GAITA E A PANDEIRETA SON OS DOUS INSTRUMENTOS MUSICAIS MÁIS POPULARES DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA.




RECORTA E PEGA CONTINUANDO A SERIE.

EN GALICIA HAI MOITOS GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL QUE UTILIZAN A GAITA, ÁS VECES CON MOITOS GAITEIROS E GAITEIRAS.


1



2



4



3








UNE O CÍRCULO CO NÚMERO QUE LLE CORRESPONDE.

OS GAITEIROS, COMO TODOS OS MÚSICOS, TEÑEN QUE SER MOI ORDENADOS E GARDAR OS INSTRUMENTOS NO SEU SITIO, BEN ORDENADOS .



	GRANDE	MEDIANO	PEQUENO
			
			



RECORTA E COLOCA AS GAITAS E OS TAMBORES ONDE LLE CORRESPONDA.